

# 'Xermolos' premia o labor do grupo 'Chaira' en favor da cultura oral

Os cinco investigadores do equipo recibiron unha homenaxe no muíño do Rañego

FROILÁN VARELA ■ VILALBA

■ O equipo *Chaira*, formado polos investigadores e escritores Ofelia Carnero, Xoán Ramiro Cuba, Antón Reigosa, Mercedes Salvador Castañer e Xosé Miranda, que leva 15 anos recuperando a tradición oral galega, recibiu onte en Vilalba unha homenaxe na 15ª edición dos *Encontros na Terra Chá*, promovidos por *Xermolos* no muíño do Rañego e na escola habaneira de Santaballa.

Nunha mesa redonda, o narrador Xabier P. Docampo e o estudioso Armando Requeixo sulñaron a importancia do traballo feito polo grupo *Chaira*, que recreou contos de tradición oral nos vinte volumes do *Cabalo buligán*, ademais de escribiren o *Diccionario dos seres míticos galegos* e ter en marcha un portal en internet semellante a unha enciclopedia virtual do fantástico.

Nesa aproximación a estes cinco investigadores, Docampo lembrou que era fillo dun muíneiro de Lea (Castro de Rei), onde viviu de pequeno "a cerimonia da transmisión da cultura". Armando Requeixo, estudioso de Díaz Castro, calificou ós integrantes do equipo *Chaira* como "seres excéntricos, fantásticos". Darío Xohán Cabana, que non puido asistir o acto por ter reunión da Real Academia Galega, deixou escrito o seu achegamento ao cinco in-



VARELA

Un momento do acto de homenaxe aos investigadores do equipo 'Chaira', onte en Vilalba

## APUNTES

➤ **Cuba resumiu** o valor da tradición oral: "A perda da cultura para o espírito é semellante á perda das defensas por parte do organismo".

➤ **O equipo 'Chaira'** ía levar adiante o estudo da tradición

oral en toda a comarca da Terra Chá, aínda que só puido facelo en Abadín, Begonte e Vilalba por falta de axudas. Os valedores do seu proxecto foron Manuel María, Darío Xohán Cabana e Cesáreo Sánchez Iglesias.

➤ **Xosé Miranda** considérase "chairogo", porque un tío crego de Manuel María casou aos seus pais. Ademais, segundo Manuel María, a Terra Chá comeza no exterior da Muralla, lembrou con humor o fabulador de meigos e piratas.

vestigadores: "Son os mellores estudosos da cultura espiritual que houbo na nosa terra, mellores incluso ca Vicente Risco".

Tras estes perfís, Xoán Ramiro Cuba lembrou o traballo deste equipo, principiado coa recollida dos rexistros sonoros e es-

critos da tradición oral de Abadín, Begonte e Vilalba. Só os de Abadín foron publicados como *A fala dos brañegos*.